



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e dos seus deputados **Xosé M. Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relacionada **co estado do centro de saúde de Mugardos**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A construción do Centro de Saúde de Mugardos foi rematada en 1.989. As súas dependencias, outrora adecuadas, foron quedando pequenas cos anos, pasando a atención sanitaria a ocupar paulatinamente o espazo da planta inferior do edificio, antes adicada a outros mesteres.

A realidade actual é que o centro presenta moitas deficiencias, a maior parte relacionadas cunha distribución non adecuada á actividade asistencial no piso inferior onde están sitas as consultas da matrona do centro, de enfermaría pediátrica, ou a sala de extraccións e de xuntas, entre outras.

O centro non conta con ascensor, sendo a única vía comunicativa interna entre ambas plantas, unhas estreitas escaleiras que dificultan o acceso para as persoas maiores ou con mobilidade reducida. Esta barreira arquitectónica incumpre todas as Leis de accesibilidade e obriga a desprazar polo exterior do centro, subindo un desnivel, ás persoas en cadeira de rodas. Os baños do centro, nas dúas plantas tampouco están adaptados para o acceso en cadeira de rodas e o baño do persoal do centro na planta alta, atópase no interior dunha consulta.

Así mesmo a instalación eléctrica presenta problemas graves e a cuberta do centro, que foi reparada polo Concello en 2013, máis precisa, coma indican os informes, unha renovación completa da cuberta para evitar novas humidades e filtracións.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA- ANOVA) presenta a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo unha reforma do Centro de Saúde de Mugardos que contemple alomenos: reforma da planta baixa ou soto, instalación dun ascensor e reforma dos baños do centro atendendo á accesibilidade, instalación eléctrica e cambio da cuberta do edificio (tellado).

Compostela, 15 de febreiro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/02/2016 17:08:12

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/02/2016 17:08:19

Anton Sánchez García na data 15/02/2016 17:08:22

Ramón Vázquez Díaz na data 15/02/2016 17:08:25

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 15/02/2016 17:08:28

Jose Javier Ron Fernandez na data 15/02/2016 17:08:31